

O martes día 26 de maio no IES Sofía Casanova recibimos ás Fiandeiras da Asociación de mulleres de Cabanas Rural. A actividade estivo organizada polo departamento de Ciencias Sociais: Xeografía e Historia co obxectivo de que o alumnado de 1º da ESO valorasen o traballo realizado durante centos de xeracións na maioría das familias.



Ao longo do curso 2014-15 o alumnado de 1º ESO (A e C) participou nun Proxecto Interdisciplinar titulado “As artesanías do noso pequeno museo” no que tiveron que recoller información, analizar e investigar sobre os diversos obxectos que se expoñen nunha vitrina do instituto e elaboraron presentacións sobre as diferentes artesanías, fornecedoras das pezas, que aínda se conservan en Galicia.

O acto coas fiandeiras foi un achegamento máis directo a estes labores que noutros tempos foron cotiás e que non deben esquecer as novas xeracións.





Doce mulleres fiandeiras chegaron ás 16'30 con numeroso instrumental que colocaron no amplo corredor, a carón do pequeno museo do Centro.





Beatriz Carbón foi a encargada de facerlles unha presentación aos diferentes grupos para que comprendesen o proceso de elaboración das prendas de lá.



O alumnado foi facendo o percorrido e observando os diferentes labores que realizaba cada muller dende que teñen a lá de ovella xa lavada ata que se converte nun calcetín, nun cobertor, nunha chabrea ou nunha manta.



As nenas e nenos preguntaron ás fiandeiras como, cando e onde se realizaban estes labores e apuntaron os datos nas súas fichas para incorporar ao traballo de aula.

Todos os nenos e nenas puideron practicar con todos os obxectos. Deste xeito decatáronse do inmenso traballo que tiveron que realizar as súas bisavóas e tataravóas para poder ter nas casas as prendas de abrigo.



Esta actividade foi moi interesante e, tamén, divertida. Gustoulles escarpizar a lá de ovella, cardala, fiala co fuso ou coa roda, ganchillala ou calcetala.







O noso agradecemento ás fiandeiras de Cabanas Rural por achegarnos esas ensinanzas e, sobre todo, por ese labor de recuperación que están a facer.